A PORTA DO MEDO

Na medianoite do 31 de outubro, Cristian, un rapaz de 14 anos a punto de cumprir os seus ansiados 15, saíu cos seus amigos a facer o famoso "truco ou trato" de Halloween. Despois de reunir todos máis de corenta euros e montóns de suculentas golosinas que poderían darlle a calquera persoa unha tremenda dor de barriga, dispoñíanse a ir ver unha película á casa do seu amigo Daniel. Ao rematar a película, sobre as dúas da mañá, todos estaban impactados e sorprendidos pola gran intensidade do filme, que era bastante parecido ás actividades que fixeran este grupo de rapaces pola noite. Nela podíase ver como un grupo de amigos –como o deles, que foran pedindo golosinas por todas as casas da veciñanza- volvía para casa despois de obter montóns e montóns de golosinas por esta misteriosa festa, oíndo algúns estrños ruídos de vez en cando.

Cristian estaba asustado. Despois de despedirse de todos os seus amigos ás dúas da mañá, tocáballe volver só para casa, con todo o medo no corpo despois de presenciar a tremenda película na casa do seu amigo Daniel. Optou por non volver polo camiño habitual, no que empregaba montóns de atallos e case nunca atopaba xente por eles, e preferiu ir polas grandes avenidas ateigadas de xente, aínda que xa eran altas horas da noite.

Cristian ía chegando para a súa casa cando de repente escoitou un ruído moi raro. Era moi agudo, como a voz dunha rapaza de cinco anos cando seus pais non lle compraban a boneca que quería. Mirou para todos os lados, mais non encontrou nada sospeitoso. Un gran calafrío estáballe a empezar a recorrer as costas, só quería chegar á casa con seus pais e olvidarse de todo.

Proseguía o seu camiño, e comezou a escoitar gritos e voces cada vez máis sorprendentes. A el parecíalle moi estraño todo iso, porque a xente coa que se cruzaba pola rúa actuaba normal, parece que sen escoitar nada raro. Decidiu preguntarlle a un grupo de rapaces que se encontrou, duns doce ou trece anos aproximadamente, ao que lle responderon que non, non escoitaban nada raro, só os sons do alumeado público, que de vez en cando se apagaba e volvía a prenderse, que eran xa moi vellas e tiñan unha luz amarela que non alumeaba moito.

Cristian comezou a asustarse de verdade. Ao rematar os camiños que levaban das grandes avenidas ata súa casa, tivo que coller uns camiños escuros, que era a única maneira de chegar á súa vivenda, un grupo de chalets adosados de oito casas, que tiñan detrás delas un amplo xardín moi ben coidado, e unha gran piscina, onde invitaba de vez en cando aos seus amigos no verán, para montar algunha festa ou simplemente para facer competicións de natación.

Só quedaban dúas rúas para chegar á súa casa, cando de repente escoitou o mesmo berro agudo. Comezou a correr, rumbo á súa casa, xa moi asustado por todas as cousas raras que escoitara esa noite, desexando entrar e tomar un vaso de leite quente, para olvidarse de todo o sucedido e durmir a gusto.

Chegou á súa casa e tocou timbre. Ao ver que ninguén lle abría a porta, colleu a chave que sempre estaba debaixo do felpudo e abriu. Encontrouse cunha nota enriba da mesa de seus pais dicindo que seus tíos os chamaran e ían cear con eles e durmirían na súa casa. Cristian estaba morto de medo. Non sabía que facer. Chamou a seus pais mais non contestaban, tiñan o móbil apagado, polo que decidiu manter a calma e prepararse unha cea rápida, que constaba dun par de galletas de chocolate co seu leite quente. Ao rematar de cear xa estaba algo máis tranquilo, pois non escoitara nada misterioso, e optou por ir durmir, que pensou que sería o mellor para olvidarse de todo o sucedido nesa noite. Foi para a cama e quedou durmido rapidamente, o que agradeceu moito.

Ás cinco e media da mañá Cristian escoitou un ruído perto de seu cuarto. A porta foise abrindo lentamente, rinchando, e asustando ao pobre cativo que non podía moverse da cama. Viu un pallaso cunhas pintas moi peculiares, pois non era un pallaso normal dos que habitualmente facía rir á xente, senón que estaba vestido dunha forma para asustar e parecer algo moi misterioso e que daba medo. Foise achegando pouco a pouco a Cristian cun afiado coitelo na man. Viu todo negro. Despertou do seu soño, un soño cheo de medo e terror. Mirou o seu despertador. Eran as cinco e media da mañá. Ouviu o ruído da porta do seu cuarto abrirse…

Pablo Suárez Garabal 3º C